



GASTON LEROUX

# O MISTÉRIO DO QUARTO AMARELO

UNHA AVENTURA DE ROULETABILLE  
Tradución de Laura Corral



## I ONDE COMEZAMOS A NON ENTENDER

Non é sen unha certa emoción que comezo eu aquí a contar as aventuras extraordinarias de Joseph Rouletabille. Este, até o día de hoxe, opuxérase de tal xeito que eu acabei desesperado por ver que non publicaría nunca a historia policíaca máis curiosa dos últimos quince anos. Mesmo imaxino que o público nunca coñecería toda a verdade sobre o prodixioso caso do dito cuarto amarelo —que xerou tanto misterio e tantos dramas crueis e sensacionais e co que o meu amigo estivo relacionado tan intimamente— se, con motivo do recente nomeamento do ilustre Stangerson ao grao de gran cruz da Lexión de Honor, un xornal da tarde, nun artigo miserable pola súa ignorancia ou pola súa audaz perfidia, non resucitase unha aventura terrible que Joseph Rouletabille, segundo me dicía, quería que ficase esquecida para sempre.

O cuarto amarelo! Quen podía lembrar este caso que fixera correr tanta tinta hai uns quince anos? Esquecese tan rápido en París. Non esquecemos xa incluso o nome do proceso de Nayves e a trágica historia da morte do pequeno Menaldo<sup>1</sup>? E porén, a atención pública, naquela hora, estaba nesa época tan interesada na audiencia preliminar que unha crise ministerial, que

---

1. Caso do marqués de Nayve, acusado pola súa esposa de matar o seu fillo natural, Hippolyte Menaldo, de 13 anos, durante unha viaxe a Italia no ano 1884. O acusado foi absolto no 1895 (*Todas as notas son da tradutora*).

estoupou daquela, pasou totalmente desapercibida. Mais o xuízo do cuarto amarelo, que precedeu o caso de Nayves nalgúns anos, tivo aínda máis repercusión. O mundo enteiro estivo enganchado durante meses a este problema escuro, o máis escuro, ao meu entender, ao que os nosos xuíces tiveron que enfrontarse. Cadaquén buscou a solución deste problema desesperante. Foi coma un enigma dramático sobre o que se obstinaron a vella Europa e a xove América. A verdade —podo dicilo posto que non hai en todo isto nada semellante a un amor propio do autor, e que o único que fago é transcribir feitos sobre os que podo achegar unha nova perspectiva grazas a unha nova documentación— a verdade é que non coido, no eido da realidade ou da imaxinación, nin sequera no autor d'*Os Crimes da rúa Morgue* nin nas invencións dos epígonos de Poe e dos truculentos Conan Doyle, poidamos lembrar algo comparable, NO QUE SE REFIRE AO MISTERIO, «ao misterio natural do cuarto amarelo».

O que ninguén puido descubrir, o mozo Joseph Rouletabille, de dezaoitto anos, na época un reporteiro novato nun gran xornal, resolveuno! Mais cando achegou a chave do caso ante o tribunal penal non dixo toda a verdade. El só amosou a parte que explicaba todo o inexplicable e que salvou unha persoa inocente. Os motivos que tiña para calar desapareceron hoxe. Mellor aínda, o meu amigo «debe» falar. Van sabelo todo. E, sen máis preámbulo, vou presentar ante os seus ollos o problema do cuarto amarelo, tal e como foi presentado ante o mundo enteiro, ao día seguinte do drama do castelo do Glandier.

O 25 outubro 1892, a seguinte nota aparecía na última hora de *Le Temps*:

Un crime horrible acaba de ter lugar no Glandier, no limiar do bosque de Sainte-Geneviève, sobre Épinay-sur-Orge, na casa do profesor Stangerson. Esta noite, mentres o señor traballaba no seu laboratorio, alguén tentou asasinar a señorita Stangerson, que descansaba nun cuarto adxacente a este laboratorio. Os médicos non responderon sobre se a señorita Stangerson estaba aínda viva.

Poden imaxinar a emoción na que se sumiu a cidade de París. Xa, nesta época, o mundo da ciencia estaba extremadamente interesado polo traballo do profesor Stangerson e da súa filla. Estes traballos, os primeiros que trataron sobre radiografía, habían levar máis tarde o señor a señora Curie á descuberta do radio. Estabamos, asemade, á espera dunha tese sensacional que o profesor Stangerson estaba a piques de ler na Academia de Ciencias sobre a súa nova teoría: «A disociación da materia». Teoría destinada a axitar toda a ciencia oficial, que se basea, desde hai moito tempo, no principio: «nada se perde, nada se crea».

Ao día seguinte, os xornais da mañá entraban de cheo neste drama. *Le Matin*, entre outros, publicaba o seguinte artigo, co título: «Un crime sobrenatural»:

Aquí están os únicos detalles —escribe o redactor anónimo de *Le Matin*— que puidemos obter sobre o crime do castelo do Glandier. O estado de desesperación no que se atopa o profesor Stangerson, a imposibilidade de conseguir calquera información

da boca da vítima fixeron que as nosas investigacións e as da xustiza se volvesen tan complicadas que non podemos, arestora, facernos a menor idea do que aconteceu no «cuarto amarelo», onde atoparon a señorita Stangerson, no aseo, queixándose no chan. Puidemos, polo menos, entrevistar o tío Jacques —como lle chaman no lugar— un vello servente da familia Stangerson. O tío Jacques entrou no «cuarto amarelo» ao mesmo tempo ca o profesor. Este cuarto está contiguo ao laboratorio. O laboratorio e o cuarto amarelo están nun pavillón, ao fondo do parque, a trescentos metros do castelo.

—Eran as doce e media da noite —contounos este home— e eu estaba no laboratorio, onde o señor Stangerson aínda traballaba cando todo aconteceu. Eu recollera todo, estivera a limpar os instrumentos toda a tarde, e agardaba a que o señor Stangerson rematase para irme deitar. A señorita Mathilde traballara co pai até as doce; cando no laboratorio soaron as doce badaladas da medianoite, ergueuse e deulle un bico ao señor Stangerson, desexándolle as boas noites. Ela díxome entón: «Boas noites, tío Jacques!» e empurrou a porta do «cuarto amarelo». Escoitamos que pechara a porta coa chave e pasara o ferrollo. Non puider evitar rir e díxenlle ao señor: «Mire para a señorita, que se pecha con dúas chaves. Seguro que ten medo da “fera do bon Deus”!». O señor nin me escoitou do absorbido que semellaba estar. Pero un miau abominable respondeume desde fóra e recoñecín o berro da «fera do bon Deus»! Que calafriós! «Non vai deixarnos durmir esta noite tampouco?», pensaba eu para min, porque teño que dicirle, señor,

que, até finais de outubro, estou a vivir no faiado do pavillón, enriba do «cuarto amarelo» co único obxectivo de que a señorita non pase a noite soa no fondo do parque. Foi idea dela, que quixo pasar a estación no pavillón; atopábao sen dúbida máis alegre ca o castelo e, des que foi construído catro anos atrás, non hai primavera que non vaia instalarse alí. Cando chega o inverno, a señorita volve ao castelo porque no «cuarto amarelo» non hai cheminea.

»Ficamos entón, o señor Stangerson e mais eu, no pavillón. Non faciamos ruído ningún. El estaba no seu despacho. Eu, sentado nunha cadeira, e tendo rematadas as miñas tarefas, miraba para el mentres dicía para min: «Que home! Que intelixencia! Que saber!». Doulle moita importancia ao feito que non faciamos ruído ningún «porque, por isto, o asasino creu que saíramos». E, de súpeto, cando o cuco sinalou que pasara media hora tras a medianoite, un clamor desesperado saíu do «cuarto amarelo». Era a voz da señorita que berraba: «Ao asasino! Ao asasino! Socorro, axuda!». Tan pronto soaron os tiros de revólver, houbo un gran barullo de mesas, de mobles movidos, estrados polo chan, coma se houbera unha loita e a voz da señorita berraba aínda: «Ao asasino!... Socorro! Papá! Papá!».

»Poden imaxinar que o señor Stangerson e mais eu saltamos e lanzámonos cara á porta. Pero, lamentablemente, a señorita estaba encerrada e ben encerrada no interior do cuarto con chave e ferro-llo. Tentamos rompela, pero era moi forte. O señor Stangerson estaba coma tolo, e tiña razóns para es-talo, porque se escoitaba a señorita que berraba: «Socorro! Axuda!» e o señor Stangerson pegaba uns